

Cousas do campo de Sta. Mariña

(sobrecusto e ascensor)

Pedimos por rexistro ver o proxecto do campo, e con que nos atopamos? Con todo isto:

Aquí non teñen o proxecto. Soamente hai un anteprojecto e na súa memoria, faise referencia ao tema da seguridade e accesibilidade cun apéndice que di: (Detallárase no proxecto final). En contratación non saben del.

Preguntamos en Alcaldía... que “xa nos informarían”; pero tampouco saben, porque como hai tres fases, debería haber tres proxectos.

- Fase I : terreos de xogo. A Deputación pon 240.000 € e o Concello 300.000 €.
- Fase II: bancada, vestiarios, baños, accesos, etc. A Deputación aporta 543.169€ (adxudicouse a Covsa). **Disparouse uns 300.000 €, e os vestiarios están sen facer.**
- Fase III: 2 pistas de tenis, “skatepark”, 4 pistas de pádel e peche do perímetro. O Concello asumirá a construción das 3 pistas de tenis e o *skatepark* non se construírá. Asinouse un convenio coa Deputación para facer a Fase III, o Concello aportará uns 136.502 € para o tenis e a Deputación 471.719 € para o pádel e peche do perímetro.

Con todo isto **pasamos dun anteprojecto de 1.688.909 € “full equip” a 2.038.650,963 € aproximadamente sen “skatepark”, sen vestiarios, sen gradas para o tenis, e asumindo o Concello a construción das pistas de tenis.**

E para rematala, en novembro do pasado ano o alcalde comunicou a súa intención de poñer un ascensor para persoas con mobilidade reducida no campo de fútbol de Sta. Mariña.

Despois de consultar con técnicos, **comunicámoslle o noso desacordo con esta proposta e puxémoslle dúas solucións sobre a mesa:**

- 1) Construír unha rampla de acceso á parte superior, que segundo o alcalde custaría o mesmo, aforrando así o mantemento que trae aparelado o ascensor.
- 2) **Habilitar no fondo norte ou diante dos vestiarios vellos unha zona para persoas con mobilidade reducida e para os seus acompañantes. Esta opción parécenos a máis axeitada, xa que os vehículos poden chegar ata a mesma entrada, e en caso de emerxencia, estarían situados a carón da saída.**

No pleno ordinario de xaneiro, entre as 100 resolucións de alcaldía que nos entregan un par de días antes do pleno, atopámonos unha na que se contrataba a instalación do ascensor; este é o concepto de transparencia do noso alcalde!. (Axuntamos documento).

O alcalde sempre se gaba de ser un home dialogante e pide que a oposición sume e non só critique. Alcalde, repetímoslle as preguntas que xa lle fixemos cando chegou con esta “orixinal” proposta:

En caso de corte eléctrico, como desaloxaríamos a estas persoas da bancada? E en caso de emerxencia?

Recordámoslle que en instalacións deportivas prima a evacuación sobre a accesibilidade, esqueceuse xa?

A opción que dende AER propoñemos parécenos máis barata a longo prazo, máis cómoda e moito máis segura.

Alcalde, o ascensor que vostede decidiu poñer pola súa conta e risco, cústanos a tódolos redondeláns 47.260,93 €, terá uns gastos de mantemento anuais e supoñemos un seguro. E tan só garantía por un ano. De verdade, a vostede parécelle a mellor opción e unha boa inversión?